

## NATUREZA E TRADICION: DUAS CATEGORIAS ESTETICAS DE CASTELAO

XOSE LUIS SANCHEZ FERRACES  
Universidade de Santiago

"...siempre procuré vivir a ras de tierra"

Castelao, en carta a Manuel de Irujo.

"...nunca lle furei á miña Terra nin os meus pensamentos nin o meu traballo".

Castelao, *Sempre en Galiza*.

1. Se quixeramos resumir en poucas palabras a traxectoria artística e vital de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, creo que sería verdadeiramente difícil atopar outros textos que foran máis reveladores do que o son estes dous. Esta razón e non outra foi a que me moveu a utilizalos como brevísima introducción a un traballo que intenta ofrecer unha análise dos dous vectores ideolóxicos que con máis forza orientaron a obra do artista e político rianxeiro.

Castelao, o sagaz "explorador de almas" e feitos, o agudísimo "cacheador de espíritos" e situacións, afirmou por dúas veces (1) en 1934, ano do seu desterro a Badaxoz, que fixera e aínda facía moitas cousas (2) para derrama-lo tempo e a vida. E pola súa parte non houbo reparo ningún en incluír entre aquelas moitas cousas a espléndida novela *Os dous de sempre*.

Un estudioso da obra de Castelao, medianamente informado, sabe que tal aseveración non é máis que un tópico literario que devén extraordinariamente irónico ó ser escrito pola man dun home que, fiel á tese de que toda arte ten a súa patria e é froito dalgunha terra, procurou sempre encamiñar tódalas súas actividades -políticas, artísticas e investigadoras- con escrupulosa coherencia cara a tres obxectivos indeclinables:

- 1) alumea-los esqueletos que danzan derredor da sociedade galega (caciquismo, inercia política, penuria económica, medo á xustiza, emigración, fariseísmo social, usura fiscal, etc.).
- 2) estudar e defende-la verdadeira e auténtica tradición de Galicia.

---

(1) Cfr. o seu ensaio "A miña idea da arte e da literatura" e a dedicatoria "Aos mozos galegos" da novela *Os dous de sempre*.

(2) Tomémo-la palabra *cousas* na súa acepción máis ampla e xenérica.

3) colaborar na toma de conciencia política do seu pobo, porque "unha Terra diferente ten dereito a ser existente" (3).

Cando Castelao interveña por primeira vez nas Cortes Españolas da II República, en 1931, para defender unha enmenda ó artigo 4 do Proxecto de Constitución, dirá a maneira de presentación:

"Yo no soy más que un artista que ha puesto su arte al servicio de una bella causa: la de despertar el alma de Galicia, creyendo que es preciso añadir a nuestra vieja tradición, interrumpida y olvidada, una nueva tradición, no entendiendo, claro está, por tradición, la serie de actualidades superpuestas, sino lo eterno, ese eterno que vive en el instinto popular" (4).

Son as palabras dun artista que se alista cordialmente nas filas dunha corrente de pensamento, o Romantismo, a *forza simpática* (5), que se propuxo ir en busca da unidade perdida; dun artista que nunca rompe o cordón umbilical coa Natureza; que sempre interpreta a vida ideoloxicamente; que identifica Beleza con Verdade (non coa verdade aparential e cómoda, pura regalía para os sentidos, senón coa verdade incómoda e ás veces encoberta do espírito (6); que non cre na arte feita para as inmensas minorías; que debece por pór en pé e mobilizar ó destinatario máis inmediato da súa obra, o pobo galego, para conseguila recuperación política e cultural da Terra, para galeguizar Galicia, para acadar (tomémoslle prestadas as palabras a Vicente Risco) "a reconstitución total, integral (lingüística, cultural, relixiosa, social, política, xurídica, económica) nas suas esencias tradicionais, no seu ser verdadeiro, histórico, enxebre" (7), e anular así a anestesia da dignidade colectiva.

---

(3) Castelao, *Sempre en Galiza*, Edicións Galiza, Centro Gallego de Buenos Aires e Instituto Argentino de Cultura Gallega, 1974, p. 55.

(4) Castelao, Otero Pedrayo, Suárez Picallo, Villar Ponte, *Discursos parlamentarios* (1931-1933), Edicións do Castro, A Coruña, 1978, p. 15.

(5) "Sempre houbo dúas forzas: a da *conservación* e a da *aución*, podendo decir mellor aínda i empregando unha comparanza fisiolóxica, que pra manter o equilibrio compren dúas forzas: a do nervio simpático e a do nervio frénico". (Castelao, "Cubismo", en *Escolma posible*, Galaxia, Vigo, 1964, p. 73).

"Estas dúas forzas existiron i-existirán sempre no arte, e nun intre determinado da historia puderon chamarse romantismo e clasicismo. Palabras... ¿sabes?. O certo é que o romantismo representa o predomiño da forza simpática do arte. Que o enterren, se é que poden. Ti non lles digas nada; mais eu dígoche que o que enterran non é un cadavre, que é unha semente". (Castelao, "O galeguismo no arte", *Nós*, nº 80, 15 de agosto de 1930, p. 157).

(6) "Os ollos da carne, cando fitan a Galiza, sofren o mesmo trabucamento dos sachadores que atopan alfaias de ouro, pertencentes á cultura dos castros, e non creen que semellantes orfebrerías foran fabricadas e soterradas antes do nacemento de Xesucristo. I é que non abundan os ollos da carne para chegarmos ao segredo das cousas e das xentes que teñen sustancia de eternidade..." (Castelao, *Sempre en...*, ed. cit., p. 275).

(7) Vicente Risco, en carta a Francisco Fernández del Riego, Cfr. *Grial*, nº 86, outubro-novembro-décembro de 1984, p. 483.

E ó servicio de todas estas causas puxo Castelaio unha obra que amais de ser *significativa* (8), *profunda* (9), *sentida* (10), *popular* (11), ten o poder de facer circular no corpo social sentidos e sentimentos de xustiza e liberdade, deixa sempre alvскар, aínda nas súas manifestacións máis ventureiras, un futuro referencial máis alá do futuro dos futuristas (12) e oferta un código estético (de coñecemento e análise do real) sustentado fundamentalmente en dous signos retoricamente reiterativos: a Natureza e a Tradición.

2. A Natureza é a primeira trabe de ouro do pensamento estético-ideolóxico de Castelaio. Ningunha palabra de seu é sospeitosa. Se algunha chega a selo (e este pode se-lo caso da palabra *natureza*), serao pola súa versatilidade histórica para poder ser usada como mellor lle conveña a cada un. Castelaio, que a utilizou adoito, foi plenamente consciente deste problema. E é que a Natureza, como dixo acertadamente o crítico portugués Augusto da Costa Dias na súa obra *Literatura e luta de classes* (13), se pode utilizar como un depósito ou almacén de comparacións a propósito de... (un estado de espírito imaxinario); como un espacio físico onde o Home vive e pasea; como unha paisaxe á que se pode ir pasando revista de vagariño e vexetarianamente; como un componente orgánico do binomio Natureza-Sociedade; e como unha Terra-Nai (a risquiana "segunda placenta onde estamos sendo formados" ou "o molde que nos vai facendo á súa imaxe e semellanza" ó dicir de Castelaio) que "nos recollerá na morte como semente de novas criaturas" e a quen podemos mirar con ollos acugulados de amor, entrega e esperanza. Anque ningún destes sentidos queda excluído do vocábulo *natureza*, os dous últimos son os que aparecen realmente privilexiados na concepción de Castelaio. E non podía ser doutro xeito, sabendo como sabemos que á alta verdade da arte do Castelaio enraizado na Terra corresponde a alta verdade da vida individual e colectiva. A Natureza, como estudio das necesidades dun pobo. A Natureza ou a Tradición, porque así o di el moitas máis veces, como estudio da alma dese pobo. O propio escritor-artista fixo alusión expresa a eses dous sentidos transcri-

---

(8) "Na *interpretación* debe estar o noso cuño persoal e polo mesmo nazonal ou de raza". (Castelaio, en carta a Manuel Antonio. Cfr. Manuel Antonio, *Correspondencia*, Galaxia, Vigo, 1979, p. 181).

(9) "...e pra iso ha de furar os sentidos". (Castelaio, "Humorismo, dibuxo humorístico, caricatura", en *Escolma...*, ed. cit., p. 28).

(10) "Nin seguir retratando co-a inconsciencia d'unha máquina as cousas da Natureza nin sacar as cousas da cabeza como as arañas o fio do cu". (Castelaio, en carta a Manuel Antonio. Cfr. Manuel Antonio, *Correspondencia*, ed. cit., p. 181).

(11) "O que se precisa é cambear o *gosto* da xente de *buen gusto* para que o pobo troque o seu *parecer* i entón o arte novo será popular...". (Castelaio, *Diario 1921*, Galaxia, Vigo, 1977, p. 308).

(12) "Os futuristas queren unha renovación e polo mesmo son fortes, teñen fe nos tempos que preveu Losada Diéguez na súa teoría trascendente da velocidade. Eu non quero ises tempos e non son futurista, pois sendo galego teño de ser antifuturista". (Castelaio, *Diario...*, ed. cit., p. 34).

(13) Augusto da Costa Dias, *Literatura e luta de classes*, Estampa, Lisboa, 1975, pp. 86-88.

bindo, no seu importantísimo ensaio "Arte e Galeguismo", un texto de Fiorens-Gevaert que resulta sumamente esclarecedor. Di así:

"...somente a Natureza. E por natureza non entendemos só a cópea dos elementos decorativos que dan as plantas e a figura, senón tamén o estudio das nosas necesidades, dos nosos materiais, que pode sere a maneira de chegar á creación dun estilo" (14).

Velaquí un programa: a estética do compromiso; e un artista, Castelao, que para observalo, endexamais renega da Natureza, nunca se desvía da Terra e está SEMPRE EN GALICIA para apuntar ás súas negatividades históricas (económicas, socio-políticas, culturais) coa liña ou coa palabra, co debuxo ou coa narración, co ensaio político ou coa caricatura.

A arte de Castelao, nacida moito máis do corazón ca da cabeza, sitúase nos antípodas daqueles artistas *contra natura* que, seguindo a consigna de Rimbaud: *il faut être absolument moderne*, cren que para presentar facetas insospeitadas do Universo cómpre arrinca-las raíces que nos agarran á Terra e conta-la seiva nutricia da Natureza. De tales artistas Castelao escribiu con certo humorismo e moita expresividade que "semellan ciclistas costa arriba, ciclistas escravos da bicicleta, unha caste de cabaleiros que levan o cabalo ô lombo. Pensan que o arte está nos miolos i-estruchan a cachola coma quen estrucha un tubo de pintura" (15).

Castelao, "hombre naturaleza" en acertadísima expresión de Antón Villar Ponte, artista con permanente residencia na Terra, situou a súa obra entre a Realidade e o Desexo: a Realidade de documentar fielmente as "tremendas angurias do decotío labrego e mariñeiro" e de denunciar teimosamente as lacras históricas da sociedade galega; e o Desexo de anular esa realidade a forza de infundir, de infiltrar no corazón de moitos galegos (16) a levedura política que, andando o tempo, garantice a vida da nosa cultura e a posibilidade do noso benestar, sen excluír *a priori* ós que habitan "nas gándaras da indiferencia" e ós que "esixen ó artista a reconstrucción dos diferentes aspectos da Natureza tal como iles a ven, mais non como ela é, que é xustamente tal como iles non a comprenden" (17). Consecuentemente, a obra de Castelao non foi nunca unha obra aséptica, desodorizada e incolora ó respecto da realidade galega.

3. A segunda trabe de ouro é a Tradición, é dicir, o "fondo primitivo" insobornable, o "*subtractum* inasimilable" historicamente, os materiais que, creados en circunstancias favorables por unha *enerxía étnica* que vive, en expresión de Castelao, nos limos da conciencia nacional de Galicia, permanecen esencialmente inalterables, resistindo os embates da Historia e do Progreso: os sistemas simbólicos, a lingua, os costumes, as formas compartidas de pensa-lo mundo e os códigos que

---

(14) Castelao, "Arte e galeguismo", en *Escolma...*, ed. cit., p. 21.

(15) Castelao, "O galeguismo no arte", xa cit., p. 156.

(16) "A realidade actual é que -aparte as masas obreiras orgaizadas, que son minoría no povo traballador galego- os demais grupos sociaes do país son un amoadado co que os caciques fan filloas no tempo das eleccións" (Castelao, *Sempre en...*, ed. cit., p. 182).

(17) Castelao, "Cubismo", en *Escolma...*, ed. cit., p. 75.

rexen o comportamento cotidiano. É a alma do pobo galego, como afirma, de maneira reiterativa e quizais un pouco idilicamente, Castelao en varias pasaxes de *Sempre en Galiza*, revelándose no idioma, no dereito, nas artes plásticas, na sabedoría popular, no traballo, na música e instrumentos, nas danzas e cantigas, nos estilos da arquitectura civil e relixiosa, no lirismo da poesía oral e escrita, no ritmo das expresións literarias e musicais, na filosofía dos refráns, no sentido saudoso do amor, no sentido transcendente da vida e da morte, no afán de universalidade e de particularidade, no amor á xustiza e ás boas formas de convivencia, na identificación amorosa coa terra, na esperanza dun mundo mellor, na predisposición á poesía... (18). É a cultura na que produtores e consumidores son os mesmos individuos.

Estas distintas manifestacións son, na terminoloxía castelaoniana, as *sustancias eternas* nas que Galicia foi modelada. Elas constitúen a verdadeira e auténtica tradición. No libro primeiro do xa tantas veces citado *Sempre en Galiza* escribiu Castelao:

"...a verdadeira tradición non emana do pasado, nin está no presente, nin se alisca no porvir, non é serva do tempo. A tradición é a alma eterna de Galiza, que vive no instinto popular e nas entranas graníticas do noso chan. A tradición non é a hestoria. A tradición é a eternidade. (...) A tradición é todo aquilo que endexamais nos traicionará" (19).

Pero xa moito antes, o seu paisano Manuel-Antonio recibira del este consello:

"Compre ser primarios ou primitivos da nova Arte, que debe nacer da Gracia e non da Beleza. No folklore é onde debemos aprender, pois alí é onde a nosa tradición quedou cortada" (20).

Se un consello puido ser para Manuel-Antonio, mandamento permanentemente observado foi para Castelao. Por iso, non nos debe extrañar que este confese algunha que outra vez e cando veña ó caso que é

"Un home do pobo que ama o Arte sinxelo, que se regala con cantigas aldeáns, que cría o pasmo diante dos cadros que pintan os artistas que aínda non saben pintar, que adora as esculturas labradas por canteiros, que tolea cos debuxos dos nenos...; un home que agarda un retorno do Arte ó espírito do pobo, para tomar pulo e renovarse, porque certamente o instinto popular é a única reserva con que conta o Arte para non morrer de Cencia e para que volva a cumprir a súa función social" (21).

Tradición, folclore, cultura popular, permanencia no desenvolvemento: velaquí o camiño de salvación que Castelao, entre outros, nos propón. Coller por este camiño, conserva-las nosas sustancias eternas e desenvólvelas, ausculta-la visión do mundo que elas encerran, non é recuar, non é puxar para atrás, non é

---

(18) Castelao, *Sempre en...*, ed. cit., pp. 39 e 446.

(19) *Ibid.*, pp. 38-39.

(20) Manuel Antonio, *Correspondencia*, ed. cit., p. 181.

(21) Castelao, "A miña idea da arte e da literatura", en *Castelao, 1886-1950. Catálogo de la Exposición itinerante*, Ministerio de Cultura, Madrid, 1986, p. 49.

procurar, parafraseando ó Trindade Coelho de *O Senhor Sete* (22), nunha obcecación de anticuarios, cubrírnos do pó que as vellas cousas sacudidas e revolvidas han de espallar sobre nós; é, simplemente, avanzar de verdade cara ó auténtico Futuro, obedecendo o mandado da Terra e cumprindo co noso deber de galegos.

Así pois, non nos deixemos engaiolar simbolicamente por ningunha fada para que, ó entrarmos nos labirintos da vida individual e da vida colectiva (e un labirinto é, segundo Mircea Eliade, a defensa máxica dun centro, dun tesouro, dunha significación), non teñamos que segui-lo camiño que leva irremediabilmente á trabe de alcatrán, que é tanto como dicir, á nosa perdición.

Traiciona-la nosa tradición, renegar da nosa alma, cega-la nosa enerxía étnica sería, en opinión de Castelao, atentar contra a dignidade nacional.

---

(22) Trindade Coelho, *O Senhor Sete*, Portugália, Lisboa, 1961, p. 270.